

MOMMY

Xavier Dolan, 2014

1553

ESTREA EN NUMAX: 15.07.2025 | V.O.S.E. | 139 min

Nunha Canadá ficticia, apróbase unha lei que permite que os pais incapaces de controlar os seus fillos problemáticos os internen nun centro especial. Porén, Diane "Die" Despres, unha nai viúva con carácter, decide educar ela mesma o seu fillo adolescente Steve, que padece ADHD e que pode chegar a resultar violento. Kyla, a veciña de enfronte, ofrécelle axuda a Die. A relación entre os tres vaise facer cada vez máis estreita, agromando preguntas sobre o misterio da vida.

O filme terá dúas proxecções no ciclo 10/10. As espectadoras presentan no que, dentro da celebración do décimo aniversario da cooperativa, convidamos as dez usuarias máis habituais da sala a seleccionar e programar unha película. Neste caso a programadora e presentadora das sesións é Sabela Caamaño, que comenta da película:

«Mommy foi das primeiras películas coas que descubrín que tamén se poden contar historias complexas con humanidade e sensibilidade, e que, ás veces, é reconfortante ver vidas imperfectas e caóticas no cine, no canto de vidas de fantasía que nos son alleas»



O funambulismo narrativo de Xavier Dolan

Por Rubén Higuera

O realizador canadense Xavier Dolan regresa ao terreo da alienación e a angustia vital da súa ópera prima —*Eu matei a miña nai*, 2009— para ofrecernos unha sorte de reverso (ou punto de vista materno) daquela vinganza petulante cara á súa proxenitora. Unha liña fracciona en varias ocasións o espazo dramático no que se desenvolve *Mommy*, a última película do tan mozo como talentoso Xavier Dolan. O que sintagmaticamente non representa máis que a sinalización viaria que escinde a calzada do barrio onde viven os protagonistas devén, con todo, figurativización da súa escisión interior e desexo de traspasar esa fronteira intanxible que lles impide alcanzar esa vida normal coa que nalgún momento fantasean. Resulta facilmente perceptible o sinal “cassavetián” nos desgarrs emocionais dos personaxes de *Mommy*, aínda que Dolan, ao contrario que o director de *Faces* (1968), non deixa nada aberto á improvisación.

Nesta obra desmesurada, o autor de *Laurence Anyways* (sempre interesado polos personaxes marxinais e *borderline*) aprópiase de formas narrativas hiperbolizadas (entre a grandilocuencia, o barroquismo e o manierismo), afastándose (quizais inconscientemente) do minimalismo reitor do cinema de autor europeo contemporáneo e logrando que o estimulante da súa proposta compense os seus puntos débiles.

Mommy remata erixíndose nunha peza fílmica próxima á xenialidade e rabiosamente singular: nun habilidoso exercicio de funambulismo narrativo, o filme non só mantén o equilibrio ao longo dunha duración de xeito evidente desorbitada (considerando o precario fío argumental sobre o que se sustenta a trama), senón que a praxe fílmica *dolaniá* baseada no exceso consegue elevarse en determinados instantes e ofrecer pequenas pasaxes de inconmensurable cinema. Novamente, o cinema de Dolan crece canto máis se distancia das convencións narrativas e transita por carreiros insólitos do enunciado e a expresión cinematográficos.

A diferenza dalgunhas das súas propostas previas, o cineasta consegue nesta ocasión revestir á súa desbocada forza creativa de substancia dramática. A coherencia entre a relación de aspecto (o cociente vertical 1:1) e o estado anímico dos personaxes denota unha grande intelixencia por parte do novo realizador: a desazón do trío protagonista é trasladada ao espectador constreñindo o seu campo de visión, aprisionando a súa mirada de igual maneira que o encadre e as circunstancias vitais parecen sufocar os personaxes. É por iso que a pantalla unicamente conquista o formato panorámico durante os dous únicos instantes de efémera felicidade que se manifestan en pantalla. Inspirada formulación estética daquel agri doce aserto que Jacinto Benavente nos agallasou, segundo o cal a felicidade total non existe, senón que unicamente existen momentos felices.

Publicado en elhype.com